

## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE ALUMNOS, ALUMNAS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 26 de setembro de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 4/09/16), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE ALUMNOS E ALUMNAS, segundo as seguintes normas:

De acordo co disposto no artigo 40 do D324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do D7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **tres** alumnos/alumnas, dun total de catro que debe ter o Consello Escolar. O outro representante de alumnado continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2014.

1. Son electores todos os alumnos e alumnas matriculados no centro e incluídos no censo correspondente que a partir do **4 de novembro** está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 8 de novembro.
2. Son elixibles os alumnos e alumnas, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do IES. As candidaturas poderán ser presentadas ata as **12:00** horas do día **11 de novembro**.
3. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre o alumnado que non se presente como candidatos/as, o día **11 de novembro**, ás **12:30** horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e dous alumnos/alumnas, actuando de secretario/a o de menor idade.
4. A campaña electoral comprenderá dende o 17 ao 22 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. O día 23 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
5. Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos/as matriculados no centro, que estean avalados cando menos pola firma de dez electores/as.
6. As votacións realizaranse neste IES o día **24 de novembro, de 9'00 a 12,'30 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 08:30 horas.
7. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **dous** nomes dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.
8. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
9. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Viveiro, 4 de novembro de 2016  
O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Beatriz González-Moro Galán